



Boletín Nº 80. Miércoles, 8 de abril de 2009

[III. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA](#) [XUNTA DE GALICIA](#) [CONSELLERÍA DE TRABALLO](#) [DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA](#) [SERVIZO DE RELACIÓNS LABORAIS](#)

ANUNCIO Pág. 5383 Reg. 09/3910-x.

Convenio colectivo da empresa Cosma, SA

Visto o expediente do convenio colectivo da empresa COSMA, S.A (código convenio 1504332), que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 6.3.09 e subscrito pola parte económica pola empresa e pola parte social polo delegado de persoal o día 19.2.09, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.–Ordena-la súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.–Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.–Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 16 de marzo de 2009

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo.: María Debén Alfonso

PROPOSTA DA REPRESENTACIÓN ECONOMICA PARA CONVENIO COLECTIVO COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIAMBIENTAIS DO ATLÁNTICO (COSMA)

ANOS 2008, 2009, 2010 e 2011

Artigo 1.–Ámbito de aplicación.

O presente convenio colectivo será de aplicación a todo o persoal da empresa "COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIOAM-BIENTAIS DO ATLÁNTICO" (COSMA).

As disposicións contidas no presente convenio colectivo rexerán no centro de traballo que a empresa ten no Concello de Narón.

Artigo 2.–Ámbito temporal.

Este convenio entrará en vigor á data da súa sinatura, tendo efecto económico dende o 1 de xaneiro do 2008. Terá unha vi-xencia de CATRO ANOS, que finalizará o 31 de decembro do 2011, considerándose a partir de entón prorrogado de ano en ano, se non fose denunciado con dous meses de antelación ó remate da súa vixencia inicial ou prorrogada.

Artigo 3.–Denuncia.

A denuncia deste convenio deberá efectuarse por escrito ante a autoridade laboral e a outra parte asinante, segundo o previsto en canto ó prazo no artigo anterior. No caso de non ser denunciado prorrogarase automaticamente experimentando un incremento salarial do IPC, ate a súa negociación.

Artigo 4.–Condicións máis beneficiosas.

Tódalas cláusulas económicas, ou de calquera índole, contidas en este convenio, estimadas no seu conxunto, establecén-dose co carácter de mínimas, polo que outros pactos, cláusulas ou situacións actualmente vixentes que impliquen condicións máis beneficiosas que as convidas serán respectados e non absorbidos.

www.cigservizos.org

Artigo 5.–Conceptos retributivos.

As retribucións de cada traballador estarán compostas polo salario base de convenio e os complementos que para cada actividade, categoría ou grupo profesional que se determinan no articulado deste convenio.

O pagamento da nómina mensual efectuarase mediante transferencia bancaria á entidade previamente designada polo interesado.

Artigo 6.–Salario base.

As retribucións salariais establecidas no presente convenio, con excepción das prefixadas nas táboas anexas II y III, serán obxeto de actualización según os seguintes criterios:

Ano 2008.–As retribucións salariais serán as xa previstas no presente convenio.

Ano 2009.—O salario base será o contemplado na táboa anexa I. No caso de que o incremento real do I.P.C. en esa anualidade superase o 2,5%, será revisado no exceso. Os demais conceptos salariais regulados polo presente convenio, a excepción dos establecidos nas táboas anexas II y III, serán obxecto de actualización conforme ao disposto para o salario base.

Ano 2010.—Toda-las retribucións salariais previstas no presente convenio, a excepción das contempladas nas táboas anexas II e III, serán obxecto de actualización conforme ao incremento previsto para o I.P.C. máis o 0,5%. Ao finaliza-lo ano, revisaranse as mesmas có I.P.C. estatal real, quedando fixado o salario polo-la suma das retribucións definitivas da anualidade 2009 máis o incremento real sufrido polo I.P.C. estatal en 2010 máis 0,5%.

Ano 2011.—Toda-las retribucións salariais previstas no presente convenio, a excepción das contempladas nas táboas anexas II e III, serán obxecto de actualización conforme ao incremento previsto para o I.P.C. máis o 0,5%. Ao finaliza-lo ano, revisaranse as mesmas có I.P.C. estatal real, quedando fixado o salario pola suma das retribucións definitivas da anualidade 2010 máis o incremento real sufrido polo I.P.C. estatal en 2011 máis 0,5%.

Artigo 7.—Antigüidade.

Tódolos traballadores afectados por este convenio percibirán en concepto de antigüidade as cantidades establecidas na táboa anexa n.º II.

A data de partida dos premios será a do primeiro de xaneiro.

Artigo 8.—Gratificacións extraordinarias.

O persoal comprendido neste convenio, percibirá dous pagas extraordinarias de devengo semestral, por importe, cada unha dela dunha mensualidade, calculada sobre o salario base maila antigüidade, que serán efectivas o 30 de xuño, e o 22 de decembro.

O cómputo efectuarase do seguinte modo:

CATRIMESTRE	ABONO
Xaneiro-xuño	Xuño
Xullo-decembro	Decembro

O persoal de novo ingreso, ou que cese durante o primeiro semestre do ano, percibirá unicamente a parte proporcional da paga extraordinaria de xuño, que corresponda ó tempo efectivamente traballado. Idéntico criterio aplicarase para o persoal que ingrese ou cese na empresa no segundo semestre do ano, respecto á paga extraordinaria de decembro.

Artigo 9.–Plus de calidade.

O persoal percibirá un plus de calidade equivalente ó 20% dunha mensuralidade de salario base mais antigüidade, que se aboara no mes de decembro.

Este plus aplicarase sempre e cando o absentismo global da empresa se atope por debaixo ou igual ao 2% na anualidade correspondente. En caso de que o absentismo global se atope por enriba do 2%, unicamente serán merecedores de dito plus os traballadores que teñan un índice de absentismo laboral inferior ao 2,5% na anualidade correspondente.

A estes efectos entenderase por absentismo laboral calquera falta ou retraso inxustificable ó traballo, así como a ausencia ó mesmo por razóns de saúde, excluíndose os casos de accidente de traballo e hospitalización e mentres dure esta.

Artigo 10.–Complemento medioambiental do persoal de rede.

Por esta concepto os traballadores percibirán a cantidade de VINTE (20 €) euros/mensuais por mes efectivamente traballado.

Artigo 11.–Plus de transporte.

Abonaráselle a cada un dos traballadores da empresa a cantidade de OITENTA E SEIS euros (86 €.) mensuais, por mes efectivamente traballado en compensación polo traslado dende o seu domicilio ata o centro de traballo. Cantidade esta que quedará absorbida por calquera outra que puidera devengarse en concepto de plus de distancia.

Artigo 12.–Quebranto de moeda.

A empresa no exime da obrigaón de repoñer posibles perdas de diñeiro a aqueles traballadores que a súa función leve implícito o manexo do diñeiro.

No obstante, como compensación do anterior, aboaráselle a cada un destes traballadores a cantidade de SESENTA E CATRO euros (64 €) por mes efectivamente traballado.

Artigo 13.–Horas extraordinarias.

Poderanse realiza-las horas extraordinarias estruturais necesarias por acumulación de tarefas, ausencias imprevistas, cambios de quendas e outras circunstancias de carácter estrutural, por causa da natureza do traballo que se execute.

O valor das horas extraordinarias é o fixado na táboa anexa n.º III.

Artigo 14.–Quilometraxe.

Todo traballador que utilice o vehículo da súa propiedade por conta da empresa, percibirá a cantidade de VINTECINCO CENTIMOS de Euro kilómetro (0,25 €/Km). Será necesaria a aprobación do gasto por parte do responsable correspondente, previa xustificación polo traballador dos kilómetros realizados.

Artigo 15.–Comidas.

O persoal que, por necesidades da empresa, teña que comer ou cear fora do seu domicilio e dentro do termo municipal, aboaráselle a cantidade de OITO euros con CINCUENTA céntimos (8,50 €) sen necesidade de xustificación e de ONCE euros (11 €) con xustificación durante toda a vixencia do presente convenio, por cada unha das comidas que se vexa obrigado a realizar fora da casa.

Artigo 16.–Dispoñibilidade persoal de rede.

Ó principio de cada mes entrará de dispoñibilidade unha parella de mantemento de rede para atende-las tarefas respectivas, prolongándose a dispoñibilidade ata o final de mes.

As labores de vixilancia, reparación e mantemento comezarán unha vez finalizada a xornada laboral ordinaria.

Os traballadores de dispoñibilidade portarán durante o mes un buscapersoas (teléfono móbil o calquera outro medio técnico) fora do horario laboral, onde recibirán tódolos avisos das situacións que se produzan no Servizo, debendo acudir coa debida prestancia ós devanditos avisos.

As dispoñibilidades, acorde co descrito serán obrigatorias e rotativas entre todo o persoal de mantemento de rede. O tempo efectivamente traballado fora da xornada será retribuído como horas extraordinarias.

A retribución para cada traballador por este concepto será de DOSCENTOS CINCUENTA E CINCO euros ó mes (255 €/mes).

Ademais os días de Noiteboa, noitevella, nadal e aninovo remuneraranse a razón de SESENTA E NOVE euros ao día (69 euros/día)

Artigo 17.–Xornada de Traballo.

A xornada de traballo será de mil setecentas cincuenta (1750) horas anuais durante os anos 2008 e 2009. Durante os anos 2010 e 2011 a xornada de traballo será de mil setecentas corenta e oito (1.748) horas:

O horario será de luns a xoves, de 8.00 a 15 horas e dúas tardes á semán, que serán de carácter rotativo, de 16.30 a 19.00 horas e o venres de 8.00 a 15.00.

Os días de Noiteboa (24 de decembro) e fin de ano (31 de decembro) serán días non laborables.

Dende o 15 de xuño ao 15 de setembro: de luns a venres, de 8.00 a 15,00 horas.

Adaptarase a xornada resultante destes horarios ó cómputo anual establecido.

Artigo 18.–Vacacións.

Tódolos traballadores terán dereito a un período de vacacións anuais de trinta días naturais, que se disfrutarán preferentemente no período comprendido entre o primeiro de abril e o 31 de outubro.

A retribución en período vacacional será: salario base máis antigüidade.

O traballador que se atope en situación de I.T. no momento previsto para o disfrute das vacacións poderá solicitar a suspensión das mesmas, acordándose unha nova data para o seu disfrute, que se verá condicionada á dispoñibilidade por razón de necesidades do servizo e sempre dentro do mesmo ano natural.

Serán requisitos imprescindibles para a suspensión do período previsto para as vacacións por esta causa que a doenza da que se derive a I.T. se producira a lo menos con 15 días de antelación ó disfrute previsto das vacacións e que o médico que atenda ao traballador certifique que non se prevé a melloría antes de dita data.

Artigo 19.–Festas.

Terán consideración de festas, todas aquelas que regulamentariamente estean determinadas, tamén o día 1 de xuño, día da Patrona. Se o primeiro de xuño fose día non laborable, cambiarase polo día laborable inmediatamente anterior ou posterior.

Artigo 20.–Licencias e permisos.

O traballador, logo de aviso e posterior xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración, por algún dos motivos e períodos seguintes:

15 días naturais en caso de matrimonio.

4 días naturais en caso de falecemento de cónxuxe ou parella de feito segundo a Lei de Dereito Civil de Galicia, fillos, pais, avós, netos ou irmáns do traballador ou o seu cónxuxe.

3 días naturais en caso de enfermidade grave de cónxuxe ou fillos (ou parella de feito), pais e irmáns.

4 días naturais polo nacemento de fillo-a.

1 día por traslado de domicilio.

1 día por asuntos propios, previo o aviso de 72 horas.

As licencias enténdense vinculadas ó feito causante, debéndose desfrutar ó producirse este.

Artigo 21.–Roupa de traballo.

Subministraráselle a todo o persoal as necesarias e habituais roupas de traballo, quedando determinada a súa entrega na forma seguinte:

- Camisa de manga curta: 2 ó ano.
- Camisa de manga longa: 2 ó ano.
- Pantalón: 4 ó ano.
- Calzado de seguridade: 1 par ó ano.
- Anorak: 1 cada dous anos.
- Chaqueta curta ou xersei: 2 ó ano.
- Roupa de auga (cando o posto de traballo así o requira)
- Botas de seguridade: 1 par ó ano.
- Luvas de caucho: segundo necesidades.
- Botas de auga: 1 par ó ano.

A utilización da roupa de traballo será obrigatoria durante a xornada laboral.

Artigo 22.–Seguro de accidentes.

A empresa comprométese a subscribir unha póliza de accidentes de traballo que lle garanta a cada traballador as seguintes indemnizacións:

a) En caso de falecemento por accidente de traballo ou enfermidade profesional TRINTA MIL euros (30.000 €).

b) En caso de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, derivadas de accidente laboral ou enfermidade profesional TRINTA MIL euros (30.000 €).

Artigo 23.–Prestamos reintegrables.

Crearase un fondo de SEIS MIL euros (6.000 €) anuais para préstamos reintegrables, por un máximo de MIL euros (1.000 €) por traballador.

A amortización do préstamo, por parte do traballado, será como máximo en doce mensualidades, dende a súa concesión.

Condições para a súa concesión: a) traballador con contrato indefinido e b) un ano de antigüidade. Deben cumprirse ambos requisitos.

Artigo 24.–Situación de incapacidade temporal.

A empresa aboaralles a tódolos traballadores durante a situación de I.T. derivada de accidente de traballo e dende o primeiro día, a diferenza entre as prestacións da Seguridade Social e o 100% do salario base máis antigüidade, e parte proporcional das pagas extras.

De igual forma, complementarase ata o 100% do salario base máis antigüidade, e parte proporcional das pagas extras, nos casos de hospitalización e mentres dure esta. Tamén nos casos de enfermidade de carácter permanente y dexenerativo, cúa gravidade aumenta considerablemente o risco de morte e incapacidade inherente á idade e profesión, necesitando, en todo caso, cuidados e tratamento médico de por vida. A devandita situación deberase acreditar fidelignamente para xera-lo dereito a este complemento.

Así mesmo, complementarase ata o 100% del salario base mais antigüidade e parte proporcional de pagas extras dende o décimo cuarto día, nos supostos de enfermidade común, sempre e cando o índice global de absentismo sexa do 2% ou inferior. Entenderase por absentismo global a los efectos deste artigo as ausencias por: faltas sen xustificar, baixas por contin-xencias comúns.

Artigo 25.–Xubilación.

Ó abeiro do disposto no artigo 166.2 do R.D. Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, e no artigo 12.6 do Estatuto dos Traballadores, modificados nas súas últimas redaccións dadas pola Lei 40/2007, de 4 de decembro, aos traballadores recoñécelles o dereito subxectivo de solicitar á empresa a xubilación parcial e a redución de xornada dentro dos límites legalmente

previstos cando reúnan os requisitos establecidos.

A solicitude deberase remitir á empresa cunha anticipación mínima de tres meses á data prevista de xubilación parcial, quedando esta obrigada a estudiala de boa fe e dar resposta á mesma nun prazo razoable.

De estimarse por parte da empresa a posibilidade de xubilación parcial de cada concreto traballador, deberá na súa resolución contemplar unha proposta respecto da concreción da xornada anual efectiva, que en todo caso será fixada de común acordo entre empleadora e traballador.

Artigo 26.–Seguridade e saúde laboral.

Será de aplicación a lexislación vixente sobre seguridade e saúde laboral, e ámbalas partes velarán polo seu estricto cumprimento.

Todo traballador será recoñecido, a lo menos unha vez ó ano. Así mesmo, tódalas traballadoras terán dereito a un recoñecemento xinecolóxico anual.

Artigo 27.–Cuota sindical.

A empresa, previa solicitude do interesado, efectuará as retencións pertinentes pola cuota sindical.

Artigo 28.–Comisión mixta interpretativa do convenio.

Cantas dúbidas xurdan en relación coa interpretación do convenio serán sometidas á comisión paritaria que estará constituída por o representante designado polos traballadores (delegado de persoal) e un representante designado pola dirección da empresa, que houberan formado parte da comisión negociadora do convenio.

Ámbalas dúas partes poderán incorporar asesores.

Artigo 29.–Lexislación subsidiaria.

En todo o non recollido no presente convenio, estarase ao disposto no Estatuto de traballadores e convenio colectivo estatal de augas e demais normas vixentes aplicables.

Artigo 30.–Clasificación funcional.

Os traballadores que presenten a súa actividade no presente convenio colectivo serán clasificados en atención a súas aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación. Esta clasificación realizarase en grupos profesionais.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Artigo 31.–Dereito lingüístico.

Os traballadores e traballadoras terán o dereito a desenvolver a súa actividade laboral e profesional no idioma galego, contribuíndo a empresa á promoción do idioma propio dos países galegos empregándoo nas súas comunicacións internas e externas.

Así mesmo, a empresa non empregará discriminacións nin estereotipos sexistas na linguaxe utilizada nas comunicacións ou calquera outra forma de comunicación.

Artigo 32.–Dereitos sindicais.

Os delegados de persoal disporán dun crédito de 15 horas mensuais para o desenvolvemento das súas funcións representativas e sindicais.

Poderanse constituír seccións sindicais na empresa, tendo o delegado ou delegada sindical os dereitos que a lei lle reconece.

Artigo 33.–Persoal con capacidade diminuída.

A empresa cumprirá a lei no sentido de garantir que o 2% dos postos da plantilla sexa ocupado por persoal con discapacidade. Axustando dita porcentaxe, na medida do crecemento da plantilla.

Artigo 34.–Atrasos.

A empresa ingresará as cantidades correspondentes ós atrasos no mes da sinatura deste convenio.

TABOA ANEXA N.º I

SALARIOS

			Salario	
			2008	2009
Grupo I	PEON		957	1.001
	PEON ESPECIALISTA		985	1.030
Grupo II	B	AUX. ADMINISTRATIVO	1.025	1.072
		LECTOR	1.025	1.072
		OF. 2ª OPERARIO	1.216	1.271
		OF. 2ª ADMINISTRATIVO	1.122	1.173
	A	OF. 1ª OPERARIO	1.267	1.325
Grupo III	CAPATAZ		1.480	1.547

TABOA ANEXA N.º II

ANTIGÜIDADES (euros/mes)

Categoría	1 BIENIO	2 BIENIOS	2 B. E 1 Q.	2 B. E 2 Q.	2 B. E 3 Q.	2 B. E 4 Q.
TODAS	11,00	22,00	44,00	77,00	99,00	110,00

TABOA ANEXA N.º III

VALOR HORA EXTRA DIURNA, NOCTURNA E FESTIVA

ANOS	2008	2009	2010-2011
	€/día		
GRUPO I			
PEON	15	15,5	16
PEON ESPECIALISTA	15	15,5	16
GRUPO II			
AUX. ADMINISTRATIVO	15	15,5	16
LECTOR	15	15,5	16
OF. 1ª OPERARIO	17	17,5	18
OF. 2ª OPERARIO	17	17,5	18

Reg. 09/3910-x

SERVIZOS

www.cigservizos.org